

Sábado 15 de Decembro

19:30 h. : Acendido do alumbrado navideño. A continuación brindaremos con cava para felicitar o Nadal.

20:00 h. : Presentación e entrega do carnet de socio.

20:30 h. : Chocolate con churros.

22:00 h. : Música en vivo co grupo cubano de salsa “ @ SON “. No descanso sortearanse as **Cestas de Nadal** entre os asistentes.

Patrocinadores

CLEAN & CLEAN



Pensión
“A Cochera”

COOPERATIVA DO CAMPO DE COVAS,
ESMELLE E MARMANCON

MUEBLES “HIPOLITO”

Taller de Xogos de Nadal

Días.: - 22, 26, 27, 28 e 29 de Decembro.
- 2 e 4 de Xaneiro.

Idades.: O Taller está dirixido a nen@s maiores de 3 anos.

Horario.: 17:00 a 20:00 horas.

Talleres.:

- Belén de Plastilina.
- Reciclaxe.
- Maquillaxe.
- Agasallos de Nadal.
- Tatuaxes.
- Carta dos Reis Magos.
- Adornos de Nadal.
- Globoflexia.
- Pintura e debuxo.
- Xogos de Mesa.
- Xogos libres.
- Xogos organizados.

Os distintos talleres e xogos estarán supervisados por animador@s de “Diver Show”



Festa dos Reis Magos

Día.: 3 de Xaneiro

Horario.: A partir das 17:00 horas.

En primeiro lugar teremos a visita do **Pregoerio Real** que anunciará a chegada dos Reis, a continuación virán **Melchor, Gaspar e Baltasar** para recoller en persoa as cartas d@s nen@s e lles darán un agasallo a cada un. Cando rematen os Reis Magos, teremos preparada unha merenda con doces de Nadal para @s nen@s.

Despois poderemos disfrutar das seguintes actuacións:

- **Teatro :** O Grupo de Teatro Infantil Columba representará un conto de Nadal.

- **Baile:** Actuación do Grupo de Baile Rexional “Lembranzas do condado”

- **Danza:** Grupo de Danza “Renbu-Kan Ballet”



O Cepo do Nadal

O "**Cepo do Nadal**" era unha cepa grande de madeira boa que se botaba no lume da lareira para que ardese durante toda a noite. Á calor e á luz deste lume xuntábase a xente e cantaban panxoliñas, contaban historias da Santa Compañía, de mouros, serpes, encantos, contos de rir, etc mentres os nenos xogaban. Pensábase que ás almas da familia estaban presentes esa noite arredor do lume.

Este **cepo do Nadal** era moito máis que o alimento do lume dunha noite do ano. Os carbóns que facía non se guindaban, gardábanse nun curruncho da casa por teren propiedades máxicas. Cando tronaba, tanto nas treboadas de verán como no anaco de inverno que aínda quedaba por vir, colliase borralla do cepo de Nadal e botábase de novo á lareira, para que se fixesen ascuas novas e espantasen os tronos.

Canciós do Nadal

Ata hai escasos anos nas aldeas e vilas galegas podíanse escoita-los cantos propios que había para cada día ou para cada festa: o día de Nadal cantábanse **nadais, panxoliñas, cantos de nacemento e vilancicos; as xaneiras, aninovo e manueles**, no día de fin de ano e Aninovo; e os **reis, aguinaldos e vilancicos** na noite de Reis.

Nestes cantos había un compoñente relixioso, folclórico, popular, de xuntanza e alegría, e ás veces algúns grupos percorrían os lugares cantando vilancicos para xuntar diñeiro co que organizar as festas do patrón noutras épocas do ano. Era costume que na Noite de Nadal, a mesa quedase sen limpar, porque esa comida era para as ánimas dos defuntos da familia, e a cociña non se varría para que non entrasen as meigas.

Asociación de Veciños Santa Comba de Covas

*Desde a Asociación de Veciños
desexámosvos un bo nadal e prospero*

ano 2008

NADAL

2007

PROGRAMA DE ACTOS

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA
COMBA DE COVAS